



## Voluntarios xubilados asesoran emprendedores novos

Publicado o 06/12/2016 15:09



Falando de emprender: «Un grupo de voluntarios xubilados, que foron empresarios no seu día, traballan agora na Confederación de Empresarios de Ourense asesorando emprendedores novos para que poñan en marcha os seus negocios. Eles aportan a experiencia, e os mozos as ideas. Dende o mes de xaneiro conseguiron lanzar 35 novas empresas.

Jorge Pérez é un dos emprendedores que acoden á CEO para recibir a axuda dos Voluntarios Senior de Asesoramento Empresarial. Despois de traballar en varias adegas, comezou a alugar viñas no Ribeiro e xa produce 8.000 botellas do seu viño Lombre, agora o seu proxecto é restaurar unha antiga adega.

José Antonio Fernández, presidente de Secot é un deses voluntarios, empresario xubilado dunha multinacional que pon a súa experiencia ao servizo dos emprendedores. Cun plan empresarial personalizado buscan a biabilidade do negocio.

Co asesoramento de Secot 35 proxectos convertéronse nunha empresa en Ourense, o que suporía a creación de polo menos 40 postos de traballo.